

<b>Proxecto Conecta Xoven</b>	
<b>Entidade ca que se intervén</b> CDR Portas Abertas Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense Participa fundación Esplai	<b>Centro Educativo</b> Diferentes IES da Comarca de Verín
<b>Intervención na que participan</b> Alfabetización dixital da xuventude e das persoas maiores Oferta de actividades de tempo de lecer.	<b>Disciplinas</b> Tecnoloxías da Información e a Comunicación
<b>Cales son as fins da entidade na que participa o estudantado?</b>	
No caso da Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense, as súas fins relaciónanse coa promoción da igualdade de xénero a través de diferentes eixos, nos que se inclúe o formativo, de promoción do emprego o de participación social. O CDR Portas Abertas ten como misión traballar coa comunidade rural en procesos de desenvolvemento integral e sostible, en coordinación con outros axentes do territorio, para xerar mellores condicións de vida para a poboación rural e o seu medio ambiente.	
<b>En que consiste o proxecto no que participa o estudantado?</b>	
Proxecto interxeneracional de alfabetización dixital, no cal a xuventude se forma en contidos e habilidades para dar o servizo ás persoas maiores. O proxecto inclúe tamén a dotación dos telecentros das aldeas de equipamento informático necesario. Tamén se ofertaban actividades de lecer e tempo libre para a mocidade participante, así como espazos de encontro.	
<b>Que fai o estudantado?</b>	
O estudantado fórmase no uso das tecnoloxías para logo, nas súas aldeas, axudar ás persoas maiores coa súa aprendizaxe e uso das mesmas.	
<b>Con que obxectivos de servizo?</b>	<b>Con que obxectivos de aprendizaxe?</b>
Promover a alfabetización dixital como ferramenta de autonomía nunha sociedade cada vez máis dixitalizada. Promover espazos de encontro e colaboración interxeneracional.	O propio dominio das tecnoloxías, xunto tamén con habilidades didácticas, de comunicación e de colaboración.
<b>Como e quen acompaña o servizo?</b>	<b>Como se acompaña a aprendizaxe?</b>
O estudantado dispuxo de manuais previamente traballados coa persoa dinamizadora da Fundación Esplai. Tamén se entregou un diploma acreditativo da participación a tódalas participantes, como maneira de recoñecemento.	O profesorado dos IES e profesionais de Portas Abertas, acompañaron o proceso de aprendizaxe do estudantado axudando a planificar e ás aprendizaxes necesarias.
<i>Fotos se pode ser</i>	